

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032923	IES de Carral	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuadas aos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos; así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos. Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios. A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua»,

propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

É necesario vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes. Nesta contextualización e concreción curricular hai que sinalar as características das alumnas e alumnos e do centro educativo aos que vai destinada.

O centro, IES de Carral, está situado no municipio de Carral. É un municipio da provincia de A Coruña, Galicia, España. A súa cabeceira de poboación atópase situada a 17 quilómetros da cidade de A Coruña, en plena estrada nacional que comunica a esta con Santiago de Compostela. Limita cos municipios de Ordes, Abegondo, Cambre, Cerceda e Culleredo.

Ten como centro escolar adscrito o CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Este centro, que empezou a funcionar no curso 2015/2016, só oferta o Ensino Secundario Obrigatorio.

A maioría do seu alumnado pertence a unha comunidade rural galego falante. Obsérvanse, en xeral, algunhas dificultades na comprensión lingüística; tamén na expresión, especialmente na oral nos alumnos galego falantes, con leves problemas de bilingüismo -mestura de linguas-. A poboación inmigrante é escasa, aínda que en aumento, na súa maioría procedente de países de América, co castelán como lingua vehicular.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Palabreando	Orixe e desenvolvemento histórico e sociolingüístico das linguas de España (variedades da lingua), os fenómenos do contacto entre linguas (interferencias, préstamos, extranxeirismos, bilingüismo e diglosia) e promoverase a defensa dos dereitos lingüísticos, combater os prexuízos e os estereotipos, e a resolución dialogada dos conflitos. Tamén estudarase e revisarase, para o seu afianzamento, contidos de cursos anteriores e novos respecto das palabras: a súa forma (todas as categorías gramaticais), características e significado, a orixe do lexicón (léxico patrimonial, cultismos, dobles...), formar outras novas e cambiar de categoría as existentes (derivación, composición, parasíntese, sigla, acrónimo e acortamento), as relacións semánticas entre elas (sinonimia, antonimia, homonimia, polisemia, hiperonimia, hiponimia, tabú e eufemismo), a denotación e a connotación segundo o contexto e propósito comunicativo. Ortografía : repaso do uso de grafías.	10	16	X		
2	Crebacabezas sintáctico I	As palabras adoitan aparecer combinadas en unidades progresivamente maiores: sintagmas e oracións. Estudaremos nesta unidade as funcións sintácticas da oración simple. A súa clasificación dende o punto de vista do dictum e do modus. Os valores do "se" e as clases de suxeito., Estudarase tamén o análise e clasificación da oración composta xustaposta e coordinada -en	10	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Crebacabezas sintáctico I	tanto dúas oracións simples relacionadas. Ortografía: acentuación: regras xerais; hiatos, ditongos e tritongos, tilde diacrítica.	10	16	X		
3	Noveleando	Traballaranse nesta unidade os textos narrativos, descritivos e dialogados; tipos, estrutura, elementos, propiedades e características lingüísticas; a súa identificación e emprego en textos literarios e non literarios; e o afianzamento e repaso destes saberes básicos, a maioría deles xa adquiridos en cursos anteriores.	7	10		X	
4	Liberdade e amor	Dedicaremos esta unidade ao estudo da cultura, sociedade e literatura dos ss. XVIII e primeira metade do s. XIX: Neoclasicismo e o Romanticismo (xéneros literarios, obras e autores máis destacados). Tamén as características da lingua literaria: figuras literarias, verso, cómputo silábico, estrofas, composicións,...)	7	6		X	
5	Naturalmente	Dedicaremos esta unidade ao estudo da cultura, sociedade e literatura da segunda metade do s. XIX: Realismo e o Naturalismo (xéneros literarios, obras e autores máis destacados).	6	6		X	
6	Preciosismo e crisis	Dedicaremos esta unidade ao estudo da cultura, sociedade e literatura de fin de século e comezos do s.XX: Modernismo e xeración do 98 (xéneros literarios, obras e autores máis destacados).	10	10		X	
7	Informando e opinando	A importancia dos medios de comunicación de masas é inmensa: a súa eficacia como difusores de información é equivalente á súa capacidade propagandística. O seu papel na configuración social e política do mundo actual é innegable, por iso é polo que se chegou a afirmar que a prensa constitúe o cuarto poder. Dada a súa relevancia, imos analizar e producir textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. Analizaremos os xéneros periodísticos coma a noticia, reportaxe e a opinión. Neste senso, tamén estudaremos os textos expositivos e argumentativos. Ortografía: signos de puntuación. Tamén tratarase a relación destes como marca da estrutura textual.	10	12			X
8	A contracorrente	Dedicaremos esta unidade ao estudo da cultura, sociedade e literatura de inicios do século XX: Novecentismo, Vangardas e Xeración do 27 (xéneros literarios, obras e autores máis destacados).	10	10			X
9	Crebacabezas sintáctico II	Esta unidade servirá de repaso das unidades 1 e 2, e ademáis estudarase o análise e clasificación das oracións	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Crebacabezas sintáctico II	compostas subordinadas (sustantivas, adxectivas e adverbais) .	15	10			X
10	Silenciadas	Dedicaremos esta unidade ao estudo da cultura, sociedade e literatura desde a Guerra Civil (xéneros literarios, obras e autores máis destacados).	5	6			X
11	Os camiños da lectura	Dedicarase esta unidade ao desenvolvemento da lectura progresivamente autónoma, a consolidación do hábito lector e a conformación dunha identidade lectora a partir de textos do patrimonio literario universal, o obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Neste senso, tamén establececese por avaliación a lectura dunha obra xuvenil e/ou pertencente ao patrimonio literario nacional e /ou universal, en correspondencia con diferentes niveis de desenvolvemento lector. Partirase dunha lista de libros ofrecidos pola profesora de diferentes temáticas e xéneros, e guiados por esta. Farase tamén un achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria	10	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Palabreando	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. identificación de clases morfolóxicas e as súas características (flexión, variables/invariables, conxugación verbal, prifrases...)	PE	80
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar, definir e propoñer alternativas semántico-léxicas de diversa índole: préstamos, cultismos, latinismos patrimoniales; fenómenos de sinonimia, antonimia, homonimia, polisemia, hiperonimia e hiponimia.: orixe das palabras, formantes, formación..		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas, utilizando o coñecemento da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, tando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe.		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima.	TI	20
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión .		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.

Contidos

- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Crebacabezas sintáctico I	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distinguir e identificar a forma (categoría gramatical e as súas características) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e da composta por xustaposición e por coordinación; o modus e o dictum.	PE	100
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar, definir e propoñer mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica: modus e dictum oracional.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identificar algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados: voz pasiva, usos de "se", perífrases, locucións...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Noveleando	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos descritivos, narrativos e dialogados e analizar a súa coherencia, cohesión e adecuación.	PE	68
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar e identifica o contido, a forma e os elementos propios de textos de narrativos, descritivos e dialogados de certa complexidade.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Solucionar problemas de comprensión utilizando coñecementos de uso da lingua.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor utilizando s coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa, ao propósito e á canle.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos e lingüísticos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	Organizar e integrar crítica e creativamente a información en esquemas propios respectando os principios de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar textos propios a partir da reflexión metalingüística e coa metalinguaxe específica.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención en textos orais.	TI	32
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Seleccionar e contrastar a fiabilidade e pertinencia de diferentes fontes segundo os obxectivos de lectura.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	Adoptar hábitos de busca crítica e segura nas tecnoloxías dixitais..		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe verbal e non verbal.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, cooperativa e adecuada en todas as interaccións orais.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación en diferentes soportes sobre temas académicos, persoales ou sociais partindo da información seleccionada.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada e consensuada dos conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

Contidos

- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto
- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
 - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
 - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escucha activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
 - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición
 - Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas vi
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Liberdade e amor	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos pertencentes ao Neoclasicismo ou ao Romanticismo.	PE	78
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Realizar comentarios críticos do contidos e a forma utilizando unha metalinguaxe específica en textos pertencentes ao Neoclasicismo ou ao Romanticismo		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar aos textos propios precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	interpretar as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	TI	22
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos entre os textos lidos e outros textos en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a resposta persoal do alumnado na lectura.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos en distintos soportes, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.

Contidos

- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
